

SOLICITUDE DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2020-21

PRAZO DE TRAMITACIÓN: ATA O 19 DE XUÑO DE 2020

RECOLLIDA DE IMPRESOS NO COLEXIO (ANEXO I E ANEXO II do procedemento ED330B):

- Desde o xoves, 21 de maio de 2020
- HORARIO: De 10 a 13 horas.
- LUGAR: ENTRADA EDIFICIO PRINCIPAL

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

As persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- **ANEXO I (solicitud).**
- **ANEXO II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).**
- **Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.**

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA, no seu caso:

- Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia onde deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

ALUMNADO QUE CONTINÚA NO CEP. SEQUELO			
NIVEIS	DÍA	HORA	
		10:00 A 11:30	11:30 A 13:00
1ºA	Martes, 26 de maio de 2020	Apelidos de <u>A</u> a <u>L</u> (incluído)	Apelidos de <u>M</u> a <u>Z</u>
2ºA	Mércores, 27 de maio de 2020		
3ºA	Xoves, 28 de maio de 2020		
4ºA	Venres, 29 de maio de 2020		
4ºB	Luns, 1 de xuño de 2020		
5ºA	Martes, 2 de xuño de 2020		
5ºB	Mércores, 3 de xuño de 2020		
Alumnado da EEI "O GRUPO" que se incorpora a 1º EP			
Presentar na Secretaría do CEP. Sequelo o <u>xoves, 4 de xuño de 2020.</u>			
Alumnado de 6º que se incorpora a 1º de ESO no IES "ILLA DE TAMBO"			
Presentar na Secretaría do IES "ILLA DE TAMBO".			
Alumnado de 6º que se incorpora a 1º de ESO noutros centros de secundaria			
Presentar na Secretaría do CEP. Sequelo o <u>venres, 5 de xuño de 2020.</u>			

Observacións:

- As familias que non poidan acudir no horario antes indicado poden solicitar cita previa nos teléfonos **886151325** ou **886151326**.
- O alumnado de nova incorporación ao CEP. Sequelo deberá presentar a solicitude no seu centro de orixe.
- O alumnado que se traslade a outro centro de primaria deberá presentar a solicitude no CEP. Sequelo.